

Palabra e patria

Cultura desde o compromiso



MANUEL ROSALES

Froito do traballo dos últimos anos en congresos, conferencias e mesmo en publicacións periódicas ou monográficas, é o ensaio que presenta Henrique Rabuñal en edicións Laiovento. Son escritos, como el mesmo confesa, alixeirados de todo aquilo que puidera dificultar a lectura por un público non especializado, que recollen a súa preocupación por mostrarnos algunhas das principais figuras da nosa cultura literaria.

Principíase o libro con oito textos consagrados a iluminar a andaina vital e intelectual de Manuel Murguía. H. Rabuñal vai pondo de manifesto nos dous primeiros a relevancia bibliográfica, a grandeza intelectual e coraxe cívica dun escritor que sempre tivo a Galicia como punto principal da súa interese. O permanente compromiso, a estreita relación amigable e intelectual con E. Pondal... son reflectidas coa paixón dun arteixán comprometido. Volverá a Murguía para catalogar e defender o seu legado, cando estaba a cumprir o 75º aniversario do seu pasamento, e postular un “viva1” ao rexionalista que vai tecendo unha historia de compromiso co país e a súa xente.

O seguinte capítulo está constituído por cinco achegas ao teatro galego. No contexto galeguista da súa historia, sinálase como fito senlleiro a fundación da Escola Rexional Galega de Declamación, preludio da actividade teatral da época nacionalista posterior.

Neste panorama do teatro galego en Galicia e nos círculos galegos da emigración, destácase seguidamente o traballo de Blanco Amor como o primeiro autor que



soubo organizar un instrumento de expresión escénica galega. Rabuñal explicará as particularidades deste teatro e o acompañará dunha cumprida bibliografía. A dimensión teatral de Carvalho Calero, máis coñecido na súa faceta de narrador, poeta e historiador da nosa literatura contemporánea, ocupa outro capítulo importante. Utilizando un criterio cronolóxico, H. Rabuñal vai realizando un estudo da vida e obra do profesor ferrolán que se completa novamente cun apéndice bibliográfico.

Outra personalidade poliédrica, a de Luís Seoane, é abordada desde a súa vocación divulgadora, desde a perspectiva progresista de entender a historia de Galicia. Tras un breve repaso pola obra teatral de Seoane, céntrase o capítulo na análise de *A soldadeira* como xusta homenaxe á súa

contribución teatral. A última achega constitúe o traballo sobre Jenaro Marinhas del Valle. Nel recóllese a actitude vital dun escritor cuxo pensamento sempre estivo contaminado polo mellor das tradicións galego-portuguesas, capaz retratar con acerto os nosos devezos e as nosas porfias.

A figura excepcional de Martín Sarmiento, o “enciclopedista solitario”, como o denomina Rabuñal, abre o terceiro capítulo do libro. Nel tribútase unha homenaxe ao descubridor e cronista da nosa literatura e infórmase ao lector do contido e valor de dous textos, *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* e *El porqué sí y porqué no del P. Martín Martesino*, no contexto da cultura galega do século XVIII, no ámbito específico da bibliografía sarmentiana e como explicación das súas máis íntimas actitudes vitais.

O derradeiro capítulo vai dedicado a tres soñadores republicanos –Ánxel Casal, Ernesto Guerra da Cal e Rafael Dieste– tres nomes comprometidos coa súa innegable integridade ética e estética.

A modo de epílogo, Rabuñal dá un “paseo urxente” pola narrativa de Xosé Fernández Ferreiro.

En definitiva, atopámonos cun traballo instalado na defensa da nosa identidade cultural, política e idiomática que contempla algúns dos escritores e tempos máis indicativos da historia colectiva de Galicia con pulso firme e comprometido.

RABUÑAL, Henrique, Palabra e patria. Escritos sobre cultura, teatro e literatura galegas, Ed. Laiovento, Santiago, 2005, 197 páxinas

UN TRABALLO RIGOROSO A
CONTEMPLAR ALGÚNS
DOS ESCRITORES E DOS
TEMPOS MÁIS
INDICATIVOS AO LONGO
DA NOSA HISTORIA